

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

PRESENTASE O 20 DE XUÑO NO ATENEU BARCELONÈS

Manuel Rivas e Yolanda Castaño no número 1 da revista literaria 'Caravansari'

Caravansari é unha publicación de poesía contemporánea que se edita nas linguas da Península e en árabe. Representando á literatura galega elixiron dous dos autores máis populares: Manuel Rivas e Yolanda Castaño. Os poemas levan un texto introdutorio de Helena González e pódense ler no orixinal galego e na súa tradución ao español. O primeiro número de Caravansari preséntase no Ateneu Barcelonés o 20 de xuño coa participación de Eduard Sanahuja, Neus Aguado ou Osías Stutman.

- 09:59 18/06/2006

En Oriente Medio, *caravansari* é un edificio público para o refuxio de caravanas e viaxeiros en xeral. Seguindo esta idea, a revista acolle unha caravana de poetas formada por Manuel Rivas, Yolanda Castaño, Itxaro Borda, Eduard Sanahuja, David Castillo e unha escolma de poetas marroquinos actuais. O número complétase cun inédito de Juan Ramón Jiménez, unha entrevista a Antonio Gamoneda e artigos de Jon Kortazar e Jesús Tusón.

Revista á venda na Galería Sargadelos de Barcelona, Librouro e Versus de Vigo, e Sargadelos de Pontevedra.

Presentación de *Caravansari*. Revista de poesía contemporánea en linguas peninsulares y árabe

Martes 20 de xuño de 2006 ás 20:00

Jardí Romàntic do [Ateneu Barcelonès](#)

c/ Canuda, 6 | 08002 Barcelona